

## **NOTA DE PRENSA**

# **Empresa e universidade revisan o seu vínculo na área da Psicoloxía do Traballo**

---

*Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2017* - Mañá sábado 21 de outubro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acolle un foro sobre a as necesidades formativas e a práctica profesional na área da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, que decorrerá na súa sede en Santiago de Compostela e que está organizada pola Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.

Este foro é unha oportunidade para expoñer e debater sobre as competencias profesionais no ámbito das Organizacións e os Recursos Humanos, centrándose especialmente na relación entre a universidade e a realidade laboral. Cómpre valorar unha cuestión polémica e crucial como é a formación académica adquirida e a súa adaptación ao exercicio profesional: revisar as rutas académicas, os plans formativos, a investigación, os cambios sociais, as estruturas e as culturas das empresas, as súas esixencias, as políticas de empregabilidade, etc.

Deste xeito, poderán extraerse conclusións útiles para unha transición idónea e satisfactoria ao mundo laboral, tanto en termos de coñecemento e de capacitación, como de crecemento profesional. Neste foro de intercambio entre universidade e empresa intervirán senllos representantes dos dous eidos. O profesor Dámaso Rodríguez Fernández, da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, explicará o impacto do Espazo Europeo de Educación Superior na formación académico de futuros psicólogos e psicólogas da área de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións. José Ortuño Vilurbina, xerente de Relevo Xeracional en Repsol, no Complexo Industrial da Coruña, explorará a relación universidade e empresa, co suxestivo título "Un *firstdate* institucional". Tras ambas as intervencións, abrírase o debate a todas as persoas asistentes.

**Saúdos,**

**Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:  
981 534 049 / 699 908 968 / [comunicacion@copgalicia.gal](mailto:comunicacion@copgalicia.gal)